

Revista de Guimarães

Publicação da Sociedade Martins Sarmento

CERÂMICAS CASTREXAS PINTADAS.

LORENZO-FERNANDEZ, Joaquin

Ano: 1956 | Número: 66

Como citar este documento:

LORENZO-FERNANDEZ, Joaquin, Cerâmicas castrexas pintadas. *Revista de Guimarães*, 66 (1-2) Jan.-Jun. 1956, p. 125-132.

Casa de Sarmento
Centro de Estudos do Património
Universidade do Minho

Largo Martins Sarmento, 51
4800-432 Guimarães

E-mail: geral@csarmento.uminho.pt

URL: www.csarmento.uminho.pt



Este trabalho está licenciado com uma Licença Creative Commons
Atribuição-NãoComercial-SemDerivações 4.0 Internacional.

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/>

Cerámicas castrexas pintadas

Por XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ
Numerario da R. Academia Galega.
Correspondiente da R. Academia de la Historia.

Unha particularidade que destaca nos estudos feitos en col da cultura dos castros do NW da Península, é o descoñecimento que temos de moitos dos seus aspectos culturais.

Por unha parte, a catívez das esporacións metódicas e completas nos moitos xacementos de que dispomos e por outra o prececediro dos materiais empregados no feito de algúns obxectos, impídenos por hoxe acrarar unha chea de extremos de un grande intrínseco pra poder faguer un coadro completo da vida dos poboadores dos castros.

Un sinxelo análise dos elementos de que dispomos, amóstranos a desigualdade dos nosos coñecimentos n-este aspecto.

A carón de unha rica cerámica, tanto en formas coma en decoracións, atopámonos coa carencia total de obxectos de madeira, e onda unhas fermosas xoias de ouro e prata, temos a casi total ausencia de pezas de ferro.

O feito de fallar precisamente o elaborado con materiais de imposible ou difícil conservación non nos autoriza a negar a súa existencia e, por outra parte, o análise dos obxectos conservados deixanos supór pra íles un desenvolvemento semellante ao dos aspectos que coñecemos.

É de agardar que en canto se intensifiquen os estudos e as esporacións sistemáticas nos castros, seían atopados restos que nos permitan comprobar estes extremos hoxe descoñecidos.

De feito, algo se vai avanzando n-este aspecto, pois son raros os castros que ó seren esporados non nos ofrecen materiais novos.

Tal é o caso do Castro de Cameixa (Carballiño-Ourense), que rendeu intresantes hachádegos nos seus cinco nivés arqueolóxicos, como son as sementes de trigo, os restos de unha cunca de madeira e as cerámicas pintadas que son obxeto de estas notas.

En col das derradeiras, velaiquí as circunstancias do seu achádego:

O Castro de Cameixa presenta a intresante particularidade de que n-algunhas zonas do seu recinto tiña un atuamento artificial de terra que corespondía a cinco nivés arqueolóxicos superpostos, dos que o mais vello acadaba unha fondura de 4,50 mts.

Istes cinco nivés, que foron numerados por nós de I a V, comenzando pol-o mais fondo, tiñan pouca extensión e un grosor que variaba de uns a outros, mais atopábanse nidiamente sinalados antre sí pol-os chans cuberto de arxila e con fogares, e dous de iles por teren o piso cuberto por sendas camadas de carbón, procedentes de un incendio, que separaban perfectamente uns de outros.

Compre tamén sinalar n-iste castro o feito de que os restos mais modernos, tales coma as tellas romanas, as cerámicas torneadas, etc., atopábanse xa fora do recinto, non no seu interior.

Ô escavar o nivel IV apareceu un anaco de cerámica no que coidamos ollar unha decoración pintada en roxo. No pirmeiro intre non nos atrevimos a consideirala coma tal por se atopar a pintura moi esvaída e non dispór ali de meios axeitados pra o seu eisame. Non embargantes, gardamol-a aparte e mais tarde, valendonos de fotos e de luz adoitada, pudemos comprobar que, efectivamente, tiñamos na nosa man un anaco de cerámica pintada, cuio material e factura corespondía ôs das vasixas características da cultura dos castros.

Mais tarde, escavando o nivel III, toda dúbida desapareceu ô ser hachado outro anaco de cerámica, esta vegada decorado con liñas incisas, mais cuia decoración foi compretada con pintura roxa, que se apricou cobrindo determiñadas zonas que os trazos incisos deixaban antre sí.

Anque iste anaco é de pequeno grandor e non deixa refacer o total da decoración, a súa côr, perfectamente conservada, non deixa lugar a dúbidas en canto ô dobre sistema decorativo co que foi ornamentado.

Finalmente, ô escavar o nivel II, apareceu un anaco do borde de unha vasixa; por estar moi lixada de terra, intentamos laval-a con auga, mais ô ollar que o líquido tinguiase de roxo, suspendimos a operación e, unha vez seco, quitamos a terra por outros procedimentos, aparecendo entón cuberto por unha capa de pintura roxa que se disolvía na auga.

Istes hachádegos animáronnos a procurar logo ante o material atopado con anterioridade n-outros xacementos, ollando ante iles materiás semellantes, anque menos característicos que os de Cameixa, que permiten adiantar algunhas ideas en col das cerámicas pintadas da cultura do NW no tempo dos castros.

Imos crasificar istes materiás en tres grupos, asegún a súa probable orixe:

1.º Cerámicas pintadas procedentes da importación ou, pol-o menos, de culturas alleas á dos castros.

2.º Cerámicas elaboradas no NW na época dos castros, anque con características que sinalan influencia de outros pobos, especialmente de Roma.

3.º Cerámicas, ô parecer, totalmente orixinarias da cultura NW dos castros.

No primeiro grupo incruimos uns cantos anacos atopados no castro de Troña (Mondariz-Pontevedra); tratase de anacos que pertesceron a unha grande vasixa de borde recto; son de barro rosado, distinto do empregado no NW, e c-un engobe de côr cinsa; algúns de istes anacos teñem uns trazos de pintura de côr gris escura, que pol-o cativo grandor dos anacos otopados non deixan refacer a decoración total (Fig. 1).

Istes restos de cerámica foran crasificados coma ibéricos e, dende logo, son totalmente alleos á cultura castrexa.

No segundo grupo contamos con mais materiás, case todos inéditos, anque somentes falemos eiquí de parte dos que se poderían incruir n-iste grupo.

Trátase de cerámicas torneadas, xa de tipo romano, cocidas ô lume, non ô sol, e pintadas con cõres roxa, branca, parda e violada.

Algunhas de estas pezas poden estaren decoradas con técnicas derivadas de prototipos castrexos, mais nada nos permite polo de hoxe comprobalo, xa que non contamos con cadros de motivos que faciliten o esclarecemento de iste punto.

Velaiquí os restos a que nos referimos:

No xacimento xa moi romanizado que se atopa preto de Barbantes (Ourense), nas abas do San Trocado, hachamos un anaco correspondente a un borde (Fig. 2), de barro crema e c-unhas bandas horizontás pintadas c-unha cõr roxo de viño. Trátase de cerámica torneada, cocida a lume e de craro abolengo romano, semellante a outras atopadas en xacimentos calificados en Portugal coma luso-romanos.

Da mesma localidade é outro anaco de vasixa torneada, de barro roxo craro, con dous pares de cordóns lisos en releve que deixan antre sí unha zona na que aparecen uns trazos verticás de pintura branca, non enchendo toda a zona, senon en sectores separados (Fig. 3).

Tamén n-iste mesmo xacimento apareceu outro exemplar pintado, de tipo craramente román. Trátase de unha vasixa case completa, de 106 mm. de outo e de barro cõr crema, moi fino. Na sua mitai superior presenta dúas franxas horizontás pintadas, composta cada unha por un trazo branco, ancho, antre dúas liñas rozas mais estreitas (Fig. 4). Está torneada e cocida a lume.

N-unha vasixa tamén torneada, procedente de Abelenda das Penas (Ourense), e da que se conserva un anaco grande de borde, vese unha capa de pintura pardo oscura sobor do pardo craro da pasta. A cõr cobre de unha maneira uniforme a parte exterior do colo, fallando en canto comenza a panza e na parte interior (Fig. 5).

Na estación romanizada de Valdefrades (A Gudiña-Ourense), atopáronse dous anacos pintados, amos de vasixas feitas a torno (Fig. 6).

O primeiro é un anaco de barro roxo e presenta un cordón liso en releve, feito horizontalmente.

A pintura, de côr pardo moi escuro, cobre c-unha franxa horizontal o cordón e de ela sán unhas barras verticás que se perden nos bordes pol-a rotura do testó. Por se tratar de un anaco moi pequeno non se pode asegurar a eisistencia do torno na súa feitura, anque coidamos que sí.

O outro anaco de Valdefrades é un testó de preto do borde, de barro case negro e que se atopa recuberto en parte c-unha pintura, ou mellor, barniz, de aspecto bituminoso, que somentes se ve no exterior e na parte interior que corresponde ó colo. Iste barniz, pol-o demais, aparez recubriendo moitas vasixas castrexas, anque normalmente cobre toda a superficie da vasixa e non unha parte somentes, coma ocorre eiquí.

En Briteiros ⁽¹⁾ apareceu unha vasixa case compreta e de un gran intrés porque deixa ver a totalidade do dibuxa pintado que a cobre, e que responde ó tipo de ornamentación que executada con trazos incisos, aparez dabondo nas cerámicas dos nosos castros. Trátase (Fig. 7) de unha peza torneada, de côr crema craro, sobor da que se atopan trazos de pintura siena en varias zonas, nas que se desenrolan tipos de ornamentación consistentes en reticulados, triángulos con trazos verticás, liñas onduladas e raías en zig-zag.

Prescindindo do emprego do torno, espricabre pol-o fonda romanización da Citania de Briteiros, nada atopamos n-iste exemplar que seña alleo á cultura que nos ocupa.

Poderíamos citar mais datos semellantes ós xa vistos, mais crêmos os que ditos abundan pra acrarar a eisistencia de unha cerámica pintada na cultura

(1) Esta vasixa é a úneca peza non inédita das que damos eiquí, pois xa foi publicada pol-o distinto arqueólogo Mario Cardozo, a quen quero agradecer eiquí a xentileza con que me proporcionou os deseños en côres pra estudar o exemplar de que se trata, conservado hoxe no Museu da Sociedade Martins Sarmento, de Guimarães. Os restantes exemplares aludidos n-iste traballo atopanse no Museu Arqueolóxico de Ourense.

do NW na data da romanización, caracterizada pol-o emprego do torno, mais na que non fallan, ô parecer, os motivos indíxenas reveladores de unha continuidade cultural.

O terceiro tipo da nosa crasificación compoñeno as cerámicas indíxenas, que, n-iste intre, atópanse representadas por tres exemplares procedentes do Castro de Cameixa (Fig. 8).

Non apareceron istes restos na orde que corresponde ôs nivés arqueolóxicos a que pertescen, xa que viron a luz en distintas etapas da escavación. Describímolos eiquí na orde dos nivés a que pertescen.

O mais antergo, correspondente ô nivel II (Figura 9-II), é un anaco do borde de unha vasixa grande, de barro roxo craro, feita a man, coa superficie exterior e parte da interior cuberta por unha capa uniforme de pintura de côr roxo vivo, mais non incorporada â masa, senon apricada sobor de ela, desprendendose con facilidade e tinguindo o líquido con que se molle.

Trátase, por en, de unha vasixa pra contér graus ou cousa semellante e nunca líquidos.

A pintura, asegún análise practicado pol-o Professor D. Luis Iglesias, da Universidade de Sant-Iago, está feita a base de ocres de ferro—óxido de ferro— e as diferencias de côr que se aprecian son debidas ôs difrentes estados de oxidación que podia ter o ferro debido â maior ou menor permanencia no lume.

O segundo exemplar corresponde ô nivel III (Figura 9-III) e é o mais intresante de todos, anque por disgracia é demasiado pequeno pra nos poder amostar o seu conxunto decorativo.

O anaco con que contamos presenta duas zonas de decoración incisa: unha inferior, formada por sucos horizontás e paralelos. A superior está â sua vez dividida en dous sectores verticás: o da esquerda c-un reticulado de liñas incisas, moi estreitas, e o da direita con sucos anchos, en senso vertical. Iste derradeiro atopase, ademais, cuberto con pintura roxa, incorporada â pasta e coa superficie perfectamente lisa e brillante, o mesmo que o resto do exemplar. A zona pintada está delimitada pol-a

decoración incisa, amostrando que se apricou c-un deliberado propósito de complementar o dibuxo inciso e, pol-o tanto, dada despois de feito iste.

Tamén esta pintura está feita con óxido de ferro, asegún o mesmo análisis.

O terceiro dos exemplares de Cameixa (Fig. 9-IV) corresponde ô nivel IV; é o mais pequeno dos tres anacos. Pertesceu a unha vasixa de paredes delgadas, de côr roxo pardusca, moi escura, e de pasta grossa. Anque con certa dificultade distínguense n-il uns trazos de pintura roxa que forman un reticulado semellante ô que ten na sua parte superior o vaso de Briteiros.

Iste anaco está feito a man e a pintura é, asegún a autoridade denantes citada, tamén de óxido de ferro.

Algunhas datas se poderian sinalar a istes testos pol-os obxetos atopados nos seus correspondentes nivés mais non é esta a cousa que eiquí nos intrresa, abondando pol-o de agora sentar o feito de que, indudabelmente, os tres citados exemplares pertescen totalmente â cultura castrexa e que non son debidos â importación nin â infruencia ocasional de ningunha cultura allea.

Crêmos, pol-o tanto, que se pode estrabecer o feito da eistencia de unha cerámica pintada na nosa cultura do NW, con certas características propias e que abondou pouco, a xuzgar pol-os escasos restos que apareceron até o de agora.

Partindo da base de que somentes son celtas os exemplares de Cameixa, xa que os demais aludidos amostan mais ou menos crara a sua orixe estrana, é curioso resaltar que os tres únicos exemplares que temos pertescen a tres tipos distintos de técnicas decorativas, que podemos sistematizar de iste xeito:

1.º Cerámicas pintadas c-unha côr uniforme, pol-o menos no interior e no exterior da boca, e non deben de seren confundidas con outras vasixas semellantes, mais enlucidas nas mesmas zonas c-un barniz incorporado â pasta.

2.º Cerámicas con dibuxos xeométricos pintados sobor da pasta, mais sen decoración feita por algunha outra técnica.

3.º Cerámicas con decoración incisa que se com-
preta n-algúns anacos con zonas de côr.

Ainda é moi cedo, craro está, pra intentar nada mais en col de isto asunto: iñoramos os temas decorativos, as côres empregadas, etc., mais non é facil que futuros hachádegos escapen a esta primeira crasificación, xa que non parez haber outra técnica distinta das tres indicadas.

Pol-o demais, non intentamos n-estas notas outra cousa que chamar a atención dos arqueólogos sobor das cerámicas pintadas indíxenas na cultura dos castros coa espranza de que novos hachádegos permitan un estudo compreto de esta faceta até hoxe iñorada nos nosos castros e citanias.




Fig. 1





Fig. 2



0 1 2 3 *cms.*

Fig. 3




Fig. 4




Fig. 5




Fig. 6




Fig. 7



Fig. 8




Fig. 9